

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALLEGA DE ASOCIACIONES DE ATENCIÓN A LAS PERSONAS CON PARALISIS CEREBRAL (ASPACE GALICIA) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ASESORAMENTO E APOIO NA INSERCIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO DE GALICIA.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o Conselleiro de Sanidade formalizou o día 22 de maio de 2025 coa Federación Gallega de Asociacións de Atención a las Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE GALICIA) o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia de 4 anos a contar dende o día seguinte ao da data da súa sinatura, ata o 22 de maio de 2029.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *"establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Sanidade e a FEDERACIÓN ASPACE GALICIA, para o desenvolvemento de actividades que teñan por finalidade facilitar a adaptación e o desenvolvemento das funcións nos postos de traballo das persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns que pasen a prestar servizos no Servizo Galego de Saúde, como persoal estatutario fixo ou persoal temporal"*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

*"A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde pretenden asinar un novo convenio de colaboración coa Federación ASPACE GALICIA para que, na liña do convenio suscrito no ano 2019 coa Consellería, se desenvolvan actividades que teñan por finalidade facilitar a adaptación e o desenvolvemento das funcións nos postos de traballo das persoas con discapacidade intelectual que pasen a prestar servizos no Servizo Galego de Saúde, como persoal estatutario fixo ou persoal temporal.*

*O fundamento desde convenio non é outro que a realización material do artigo 49 da Constitución, en cuxa virtude:*

*"1. As persoas con discapacidade exercen os dereitos previstos neste Título en condicións de liberdade e igualdade reais e efectivas. Regulamentarase por lei a protección especial que sexa necesaria para dito exercicio.*

*2. Os poderes públicos impulsarán as políticas que garanticen a plena autonomía persoal e a inclusión social das persoas con discapacidade, en contornas universalmente accesibles. Asemade, fomentarán a participación das súas organizacións, nos termos que a lei estableza. Atenderanse particularmente as necesidades específicas das mulleres e dos menores con discapacidade."*

As actuacións ás que se comprometen a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde

coa sinatura deste convenio quedan enmarcadas dentro do seu eido competencial en tanto que ostentan a condición de administracións responsables das convocatorias de emprego público do Servizo Galego de Saúde, e de *deseño e execución da política de persoal do organismo autónomo, de acordo cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio.*”

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

